



**O TRICENTENARIO DO PASAMENTO DE SAN XOÁN BAUTISTA DE LA SALLE
E O NOSO COMPROMISO COS MENORES E COAS PERSOAS VULNERABLES**

Madrid, 19 de marzo de 2019

Estimados Irmáns e Lasalianos:

A Familia Lasaliana está celebrando o Tricentenario do pasamento do noso Fundador, San Xoán Bautista de la Salle (Reims, 1651 - Ruan, 1719). Con ocasión destas efemérides podemos contar unha bela historia de fidelidade e compromiso que chega ata os nosos días e que se expande mediante unha ampla rede de obras educativas implantadas en 79 países, con 1.118 proxectos educativos e ao redor de 95.000 educadores que atenden a 1.040.000 alumnos.

Certamente, 300 anos de historia dan para moito. Aínda que a sociedade, en xeral, recoñeceu o noso denodado esforzo en favor dos nenos e mozos mediante a misión educativa, esta longa historia conta tamén con certas sombras de condutas inapropiadas, lesivas para a dignidade e os dereitos dos menores, todas elas inxustificables. Entre elas referímonos aos abusos sexuais de poder e de conciencia inflixidos a menores e a persoas vulnerables.

Na Igrexa, da que nos sentimos membros vivos e coa que nos solidarizamos, empézanse a tomar medidas respecto de estes feitos, para recoñecer e asumir responsabilidades, poñer ás vítimas no centro e desenvolver políticas eficaces de prevención. Un dos expoñentes máis evidentes foi o encontro celebrado no Vaticano os días 21 a 24 de febreiro, cuxo obxectivo foi “A protección de menores na Igrexa”¹.

Nas institucións relixiosas estamos nun momento especialmente comprometido. A súa expresión escrita reflíctese na Declaración² previa ao encontro sobre Protección de menores en Roma, realizada conxuntamente pola Unión Internacional das Superiores Xerais (UISG) e a Unión de Superiores Xerais (USG), cuxo título é “O abuso de nenos, un mal en todo tempo e lugar: este

¹ <http://press.vatican.va/content/salastampa/it/bollettino/pubblico/2019/02/24/0158/00319.html#spa>

² http://www.internationalunionsuperiorsgeneral.org/wp-content/uploads/2019/02/Statement-on-Safeguarding_ES.pdf

punto non é negociable”. Queremos facer nosos estes documentos e compromisos, con todas as súas implicacións.

A nosa preocupación polo tema non responde ás reiteradas noticias emitidas sobre os abusos a menores nos medios de comunicación, nin á evidente actualidade do tema, nin tampouco quere ser unha réplica defensiva ao aparente acoso ás institucións relixiosas, sentindo a “síndrome da fortaleza asediada”. A nosa razón para tratar este tema vai moito máis alá e débese á existencia incontestable de feitos moi graves que se produciron nalgunhas das nosas obras, que temos que asumir como tales e dos que temos que aprender para que non se volvan repetir.

Igualmente, queremos recoñecer, escoitar e pedir perdón ás vítimas e familiares, asumindo o noso compromiso para afrontar as responsabilidades persoais e institucionais e reparar, na medida do posible, o dano causado.

Hai xa unha vintena de anos o entón máximo responsable do Instituto dos Irmáns e da Familia Lasaliana, Irmán John Johnston³, nunha carta que nos dirixía a todos os lasalianos, expresaba con rotundidade que “a situación dos nenos pobres no mundo é un escándalo inexplicable e que o noso carisma lasaliano invítanos a ser solidarios cos nenos desamparados, abandonados, marxinados e explotados e que debe constituír un cometido especial da nosa misión” [?] “Millóns de nenos e nenas son vítimas dos abusos sexuais, a miúdo acompañados de abusos físicos. Os causantes destes abusos son ás veces, é triste dicilo, membros das súas propias familias ou amigos íntimos, profesores, sacerdotes e relixiosos”³.

No ámbito das nosas obras educativas habemos ter coñecemento da existencia real desta triste realidade dos abusos a menores e a persoas vulnerables que se puideron producir e que saíron á luz nestes últimos anos. Por iso, seguímosvos solicitando aos membros e responsables, actuais e pasados, das nosas comunidades e obras educativas, que, con toda a discreción necesaria e polas canles que oportunamente se dispuxeron, dean a coñecer o que sexa do seu coñecemento neste ámbito. Manifestamos a nosa clara intención de contribuír, cos medios e os procedementos que están ao noso alcance, para que se honre a verdade, colaborando coa xustiza para as investigacións pertinentes que puidesen requirirse e presentando ante a mesma, como non pode ser doutro xeito, aqueles feitos ou denuncias dos que tivésemos coñecemento.

Ben sabemos que este tema afecta á Igrexa e que o Pobo de Deus está pasando por un momento difícil, cheo de incerteza e, en ocasións, de incredulidade e indignación. Tamén nós, en canto membros deste Pobo, atopámonos profundamente doridos polos abusos sufridos polos nenos e novos, particularmente polos que se puideron cometer nas nosas obras educativas, por

³ John JOHNSTON, “Carta Pastoral sobre a defensa dos nenos, o reino de Deus e a misión lasaliana”, páx. 16 (1999).

parte daqueles que deberían velar polo seu benestar e pola súa educación humana. Por medio desta declaración, reiteramos a nosa solidariedade e identificación con este Pobo que quere responder positivamente a estes feitos, que veñen pesando nas nosas mentes e corazóns. Por iso, sumámonos sen reticencias a ese cambio cultural de mentalidade e de actitudes, que se está dando na Igrexa, para erradicar definitivamente este mal.

Afirma o Papa Francisco na súa intervención do 24 de febreiro de 2019 que “chegou a hora de colaborar xuntos para erradicar dita brutalidade [os dramas vividos polos pequenos] do corpo da nosa humanidade, adoptando as medidas necesarias e en vigor a nivel internacional e a nivel eclesial”. Por iso, comprometémonos a ser creativos para impulsar unha cultura que elimine as causas destes abusos e promova os cambios nas estruturas sociais que os provocan, particularmente mediante as experiencias formativas que teñen o seu perfecto encaixe nos nosos currículos; unha cultura que evite a reincidencia nestes feitos e promova a vida equilibrada e sa; unha cultura na que as persoas se sintan protexidas e gocen de condicións de vida digna; unha cultura que fomente espazos onde as vítimas e familiares sexan escoitados e comprendidos sen atrancos e en profundidade; unha cultura que persiga a reconciliación e o perdón con todos os medios que estean ao noso alcance. Estimamos moi oportunas as directrices ofrecidas no citado documento da Unión de Superiores relixiosos (USG e UISG) no seu apartado “unha cultura de protección”, particularmente no relativo a Educación e Saúde, Formación e Espiritualidade.

Por iso, máis aló de garantir a “tolerancia cero”, temos que seguir formando e sensibilizando a todos os membros das Comunidades Educativas e ás Comunidades Lasalianas vinculadas a estas. Temos que secundar o Código Ético institucional vixente e poñer en valor os nosos protocolos de atención aos que poidan ser abusados. Temos que revisar os nosos plans de educación na xustiza e solidariedade para que tomen tamén en consideración as vítimas de abusos. Temos que concretar con creatividade os procedementos ao noso alcance para dispoñer de espazos seguros e protexidos para os menores e persoas vulnerables. Temos que arbitrar medios para reparar os danos causados e as súas secuelas. A nosa credibilidade depende das respostas concretas.

En consonancia cos valores da nosa Institución estamos desenvolvendo, para todo o Distrito, diferentes iniciativas que van desde a realización dunha investigación interna ata a revisión de protocolos e a adopción de medidas que concreten o noso compromiso coa “tolerancia cero”.

O Papa Francisco, o 24 de outubro de 2015, expresou na Casa Xeral dos Irmáns en Roma, ante máis dun centenar de relixiosos de congregacións masculinas, que temos que “mirar o pasado con gratitude”, “vivir o presente con paixón” e “abrazar o futuro con esperanza”. Ao celebrar os 300 anos do pasamento de San Xoán Bautista de la Salle, miramos o pasado con agradecemento, tamén, con sentido pesar polo sufrimento inflixido nalgúns casos a menores e persoas vulnerables; queremos vivir o presente con paixón

promovendo “unha cultura onde os nenos sexan considerados como un tesouro que hai que salvagardar e protexer” e abrazamos o futuro con esperanza renovada na misión lasaliana.

Fraternalmente,

Ir. José Román Pérez, FSC
Visitador Titular
Distrito ARLEP